

ORDENANZAS

Miño regula as praias, as talas e os mercados **Páx. 14**

IGUALDADE

O Concello elabora un documento contra a fenda de xénero **Páx. 8**

OBRAS

Investimento en asfaltado, limpeza e canalizacións **Páx. 2-5**

PEL REACTIVA

Empresarios recibirán axudas para afrontar a Covid **Páx. 21**

O Concello remata tres itinerarios do seu plan de sendas

O proxecto do goberno local de recuperar a contorna e xerar novos espazos de lecer no municipio conectando núcleos completou xa tres

das súas primeiras sendas deseñadas. O Consistorio puxo a disposición da veciñanza paseos nos que gozar da natureza nas Fragas do

Xarío, Viadeiro e a Senda dos Sentidos. Traballa en tres rutas máis en Bañobre, a ponte do Lambre e o tramo do Porto á praia. **Páx. 12-13**

Monte Piñeiro, espazo verde público

O Concello referencia a súa aposta por facer de Monte Piñeiro un espazo de natureza. A través dunha modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, o goberno local logrou reducir a edificabilidade, co que pasa das 750 vivendas ás 350 e evita indemnizacións millonarias. **Páx. 7**

Costa Miño poderá ter unha zona comercial

O goberno local obtivo a propiedade de cinco parcelas en Costa Miño que pertencían a Fadesa. O Consistorio estudará o mellor modo de xestionar os terreos para responder ás necesidades na urbanización. **Páx. 6**

A SAREB cede casas para alugueiro social

O Concello estableceu un convenio coa SAREB, que destinará unha ducia das casas resultantes da crise inmobiliaria para arrendar ás persoas con baixos recursos económicos. **Páx. 18**



O miradoiro do Salgueiro da Senda dos Sentidos, que une a Ponte do Porco co paseo da praia da Ribeira

O goberno local desbloquea os trámites para a ampliación da sede do Club Náutico



Exteriores do Club Náutico



Estado actual do ximnasio da institución

Os traballos terán un orzamento de 261.228,55 euros e permitirán duplicar a superficie dispoñible

A remodelación do Club Náutico está máis preto agora tras a sinatura do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte polo que esta entidade financiará o 66% do custo das obras, que ascende a 261.228,55 euros. As arcas municipais achegarán o 34% desta cantidade, que permitirá duplicar a superficie dispoñible nun prazo de 9 meses e mellorar os servizos da entidade. A instalación precisa de máis espazo para responder ao aumento de licenzas federativas e poderá dispoñer del cos traballos que proxecta o Consistorio para o 2021-2022.

Un paso vital para estes traballos foi a concesión dos terreos que Portos de Galicia realizou en xaneiro. O permiso ten unha duración de 25 anos prorrogables e obtívose desde cero despois de que o anterior goberno local non o renovase en febreiro do 2019.



Danos nunha esquina da fachada



Danos xunto á tubería da baixante

O Concello reclama que o dragado do porto inclúa reformas

O goberno local demanda resolver o problema do porto deportivo, que acumula desde hai anos sedimentos nos que se enterran os barcos. Portos

de Galicia adxudicou a redacción dun estudo ambiental sobre o dragado, que parcheará o inconveniente pero non as súas causas. Xunto a esta

actuación, o Consistorio incide na importancia de "realizar paralelamente unha actuación da dársena que evite que se volvan a acumular" lodos areosos.

Xa en 2010 se anunciou un proxecto de limpeza e aumento da superficie que chegou a adxudicarse, pero Portos rescindiu o contrato.



O porto deportivo de Miño prexudicado pola acumulación de sedimentos

Na vía que transcorre entre San Xoán e O Fondal realizáronse traballos de aglomerado con limpeza e formación de cunetas.



Vía de San Xoán ao Fondal

No Barral, en Sombreu, o goberno local ampliou a rede de abastecemento e saneamento como parte do seu plan de melloras.



Obras de saneamento no Barral

A vella canalización de fibrocemento de Muradás e Pedregal substituíuse por unha nova de PVC cun orzamento de 130.000 euros.



Cambio de tubaxes

A obra entre Padrín e Ansimonde rematou trala instalación de saneamento e a pavimentación da calzada con formigón armado.



Tramo entre Padrín e Ansimonde

Máis de medio millón de euros para saneamento e asfaltado

O Concello acomete traballos de aglomerado e canalizacións en diversos puntos do municipio

Un Miño máis coitado e moderno ábrese paso con cada un dos traballos que, para a súa mellora, acomete o goberno municipal. Son máis de medio millón de euros os que manexa o Consistorio para a renovación da vila, na que se están a desenvolver obras de saneamento, aglomerado e reparacións diversas. Fronte ás levadas a cabo, como o asfaltado entre Bollo e O Covo e entre San Xoán e O Fondal, proxéctase o aglomerado



O alcalde visita as vías aglomeradas de Bollo

de máis de 10 quilómetros de vías. Investiranse para iso 385.000 euros, repartidos entre varias zonas como Bemantes, Callobre, Carantoña, Vilanova, Perbes e Miño.

Outras obras terán lugar en

Sombreu, onde se substituirán 450 metros de colectores de formigón. O total das actuacións suporán un investimento de 501.000 euros financiados pola Deputación e 28.000 euros de AGADER e das arcas municipais.



Vista xeral da Avenida de Xarío

A Avenida de Xarío, libre de auga

Foron múltiples as inundacións que experimentou a Avenida de Xarío cando a choiva sobrepasaba a capacidade da rede de pluviais. Pero, este inverno, a zona foi quen de sortear as balsas de auga. As obras realizadas o ano pasado polo Concello remataron co problema cun traballo de canalización. Os operarios trocaron a tubaxe por outra nova de PVC, instalada dun lado a outro da calzada, coa que se puxo fin aos asolagamentos.



Obras de aglomerado

Aglomerado na estrada da praia

Os traballos de aglomerado iniciados no concello continúan co acondicionamento da estrada da praia. Xa remataron as obras, que se executaron en 870 metros cadrados en tramos da zona da Galea, A Barrosa, Curro e nun tramo da avenida de Xarío, en Costa Miño.

Adeus ás gretas na ponte en Xarío

Os saltos que sufrían os vehículos ao cruzar a ponte sobre a vía do tren na Avenida de Xarío son historia desde que o Concello reparou en abril a xunta de dilatación. Colocouse unha elastoplástica que evita os bambeos dos automóviles e corrixióronse as gretas que sucaban o firme.



Reparación da xunta de dilatación

O parque de Ponte do Porco, máis amplo

O Concello prevé unha reforma integral do espazo, con maiores beirarrúas e conexión coa Senda dos Sentidos

Una maior e mellor área verde bosquexase nas dependencias municipais, desde as que se proxecta a remodelación do parque de Ponte do Porco. O plan, para o que xa existe deseño, contempla a ampliación das súas beirarrúas e a creación

de novos enlaces, entre os que se atopan o Camiño Inglés, a senda do Lambre e a segunda fase da Senda dos Sentidos.

Outras melloras no espazo serán a instalación de mobiliario urbano como papeleras, bancos de madeira e puntos de luz. Limitarase a contorna cun valado de táboas e crearase unha pequena praza. Ademais, plantarase céspede, estenderase o chan de lousas e colocaráse pavimento de caucho continuo.



Proxecto de reforma do parque de Ponte do Porco



Comeza a fase preparatoria para renovar as luminarias

O goberno local iniciou os traballos previos para acometer a substitución da iluminación pública de Miño. A compañía Energytas levou a cabo unha auditoría coa fin de precisar con exactitude o estado no que se atopan as luminarias, que se renovarán por completo cunha subvención de 1,8 millóns de euros do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de Energía (IDAE). A axuda, concedida a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), implicará o cambio de 3.494 puntos de luz por bombillas LED,

caracterizadas pola súa eficiencia enerxética. As actuacións abranguerán ademais a modernización de 89 cadros de mando para adaptalos á normativa vixente e garantir a súa seguridade.

Esta actualización terá como consecuencia un aforro enerxético e unha mellora da calidade e da seguridade do servizo. O proxecto suporá ademais un aumento da potencia lumínica no termo municipal, que avanzará grazas á nova instalación cara a un sistema máis respectuoso coa contorna.

O Concello elimina as inundacións en Extremeiro

As obras para mellorar as xestións de augas no municipio continúan co proxecto de canalización de pluviais na rúa Extremeiro. A actuación consistiu na colocación dunha canle atravesando a

calzada que permite evacuar a auga da choiva redirixíndoa a diversos puntos. Os traballos tiñan por finalidade rematar cos problemas de asoalagamento que se producían de xeito reiterado na zona.



Canalización na rúa Extremeiro



Local social de Bemantes

O local social de Bemantes ten xa unha porta de emerxencia

O Concello respondeu á petición da Asociación Veciñal de Bemantes, que solicitaba unha porta de emerxencia para o seu espazo. O inmoble gozará desta medida de protección para garantir a seguridade dos usuarios,

habitualmente reunidos en eventos e actividades deportivas. A dinamización do centro corre a cargo da asociación veciñal A Irmandade. Trátase dunha agrupación cunha longa historia, que acadou os 40 anos o pasado 2020.



Antes e despois do estado dos alcorques e das laranxeiras

As laranxeiras xa están sas e dan sombra

As árbores medraron e embelecen a vía tras o saneamento municipal

A súa chegada, o goberno local atopouse cuns alcorques e laranxeiras sucios e en malas condicións.

Hoxe estas árbores locen fortes e dan sombra sen entorpecer a vía pública. Os exemplares podáronse e tratáronse para evitar enfermidades. Tamén se repuxeron os que estaban mortos e trocáronse os alcorques, que impedían a limpeza, por outros de corcho.

En marcha o cambio de tubaxes de abastecemento na central de Güimil

O Concello está a levar a cabo unha ampla intervención no sistema de augas, como o cambio de tubaxes na central

de Güimil por 18.000 euros. Estas obras non se perciben á vista, pero son vitais para o funcionamento dos servizos.



Substitución de tubaxes na central de Güimil por outras de PVC

O goberno local limpará e reparará unha decena de parques infantís do municipio

O Concello mellorará os parques infantís do municipio. Para garantir a seguridade da cativada, limpará e reparará os xogos

en dez espazos en Costa Miño, Bemantes, Viadeiro e o núcleo urbano, aos que lles seguirán nun futuro os demais.



O parque de Rabazal, cun valado en malas condicións

O miradoiro do Porto, unha carta de presentación con vistas



Proceso de fabricación do letreiro para o miradoiro do Porto

Miño deixará máis pegada coa instalación dunha carta de presentación especial: o seu nome rotulado nun espazo

emblemático, o miradoiro do Porto. O Concello colocará na explanada o letreiro para promover o turismo e invitar

a visitantes e residentes a tomarse ao seu carón unha fotografía. O enclave escollido, coas fantásticas vistas

que ofrece a paisaxe, será outra baza para popularizar o letreiro e espallar con el os atractivos do municipio.

Cinco parcelas de Costa Miño pasan a ser propiedade municipal, incluída unha comercial

Unha delas está edificada e xa conta coas estruturas de 20 inmobles pareados, o que permitirá responder á demanda de vivendas na zona

O Concello de Miño obtivo a propiedade de cinco parcelas de Costa Miño: as do campo de golf, unha parcela para uso comercial, outra para a creación dunha gasoli-neira e a última que xa conta coas estruturas de 20 vivendas pareadas.

No pleno de febreiro ratificouse o decreto de Alcaldía de aceptación das cinco parcelas, titularidade de Martinsa FADESA S.A. ata

ese momento e que estaban hipotecadas a favor do Concello, co que estas pasaron a ser definitivamente propiedade municipal.

Polo de agora, o goberno local está a estudar como xestionar todas esas propiedades que permiten abrir a porta á chegada da

Manuel V. Faraldo destaca que "a superficie comercial será unha realidade, xa hai empresas interesadas"

demandada instalación comercial en Costa Miño e ademais responden á elevada demanda de vivenda que existe para a zona na actualidade.

Manuel Vázquez Faraldo valora este feito polos beneficios que supón para o Concello contar con estas parcelas xa que "dotaremos Costa Miño dunha superficie comercial, unha demanda dos residentes que proximamente será unha realidade porque temos o espazo e porque xa hai empresas interesadas" ao tempo que engadiu que "estamos vendo as alternativas que hai para a xestión das parcelas do campo de golf e co obxectivo de que redunde nun beneficio para a veciñanza de Miño".

O rexedor destacou que "isto súmase á revitalización gradual que está tendo Costa Miño grazas ás xestións que estamos levando a cabo e que contribúen a completar

a urbanización e a dotala de servizos dos que agora non dispón, logrando que os seus habitantes teñan as súas necesidades cubertas e atraendo a outros novos á zona".

CASAS ECOEFICIENTES

O impulso que está a ter nos últimos tempos a urbanización permite que se vaian levar a cabo, por parte de diversos promotores, iniciativas innovadoras como as casas ecoeficientes. "Un tipo de edificación que contribuirá a mellorar a oferta na zona e que concorda co cambio de enfoque que o goberno local está a aplicar en Miño, apostando por unha vila máis verde e sostible sen perder calidade de vida", explica Faraldo.



Mapa das parcelas de Costa Miño adxudicadas ao Concello

Monte Piñeiro, un gran parque verde para a cidadanía coa edificabilidade adaptada

O Concello negociou coas empresas propietarias para darlle a volta á situación, reducindo as vivendas, que pasan de 750 a 350

O Monte Piñeiro converterase no pulmón e no gran parque verde de Miño. O goberno local, que está a ultimarmos a ordenación do ámbito R-3 a través dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), negociou coas empresas propietarias dos terreos evitando unha indemnización de 22,8 millóns de euros e logrou darlle a volta á situación, reducindo a edificabilidade en máis dun 50%, pasando das 750 vivendas proxectadas ás 350 da nova proposta, e apostando por converter Piñeiro nun gran espazo verde público para desfrute da cidadanía.

O novo proxecto, que pronto se someterá a avaliación ambiental, reserva 77.000 m² para zonas verdes, 4.000 m² para equipamentos e 30.000 m² para edificar (sumando as vías e as prazas públicas), cando anteriormente estaba prevista unha macroubanización con 80.000 m² de espazo edificable e 30.000 m² para zonas verdes. Este novo modelo permitirá, por unha banda, adaptar a ordenación do ámbito ao esixido pola lexislación



vixente en materia medioambiental e, pola outra, executar unha edificabilidade adaptada á realidade de Miño e ao contexto no que se situará, complementando o ecosistema da marisma do río Baxoi.

O Monte Piñeiro quedará libre e converterase no gran parque de Miño e no protagonista da ordenación

Detalles da proposta

Na nova ordenación o Monte Piñeiro quedará libre de edificación para o uso de toda a cidadanía, constituíndo un gran pulmón verde de Miño. Este espazo exercerá o papel protagonista e as edificacións quedarán dispostas nas vertentes suroeste e noroeste, incorporando

percorridos rodados e peonís que fomenten a mobilidade a pé ou en bicicleta.

Como xa se dixo, a **edificabilidade redúcese**, cunha previsión de 350 vivendas formadas por bloques de edificios de baixo e dúas plantas de altura e 21 unifamiliares. Estas edificacións disporanse de xeito aberto, en dirección transversal ás vías, permitindo así manter sempre as panorámicas cara á ría.

A **zona verde** será de 77.207 m², unha previsión moi superior ao mínimo establecido por lei de 12.712 m² e deseñada seguindo criterios ambientais, non intervencionistas. Neste espazo poderán desenvolverse usos variados: xardín

didáctico, deporte, sendas...

A xerarquía viaria proposta tamén axudará a mellorar a **mobilidade**, resolvendo a sobrecarga de tráfico que sofre o núcleo urbano. Así, habilitarase un acceso directo a Piñeiro desde a autoestrada AP-9, creándose un novo acceso polo sur e desde as dúas vías que van desde a praia, e activarase outro desde a rúa Marismas.

En canto aos **equipamentos públicos**, prevese a reserva de espazo para un edificio multiusos con piscina e resérvase outro espazo preto da praia. Ademais, **complementaranse os usos** permitindo que se poidan establecer pequenos comercios nos baixos das edificacións.



Redución do número de vivendas: de 750 a 350



Bloques de baixo e dúas plantas e 21 unifamiliares



As edificacións permitirán manter as vistas cara á ría



A zona verde, protagonista con 77.207 m²



Equipamentos: edificio multiusos e outro espazo



Complementaranse os usos con comercios nos baixos



Mobilidade

Acceso directo desde a AP-9
Novo acceso polo sur e desde as dúas vías que van desde a praia
Acceso desde a rúa Marismas

Un Plan de Igualdade para derrotar o machismo



O alcalde entrega ao persoal municipal o Plan de Igualdade e o libro 'En CaMiño'


O Concello elabora un novo documento co que ofrecer os recursos necesarios para acadar a paridade de xénero

Concienciado coa loita feminista e a necesidade de eliminar a fenda de xénero, o Concello de Miño aprobou un novo Plan de Igualdade. O documento, co que non se contaba desde o 2008, parte dunha análise dos recursos, a estrutura e a integración da perspectiva feminina nas actuacións municipais para detectar as carencias do municipio e articular os mecanismos precisos para solucionarlas. Na súa elaboración, o goberno local contou co asesoramento da Fundación Mujeres a través do seu proxecto *Dana+*, enfocado na corrección de desigualdades no mundo laboral. O texto goza ademais das achegas do persoal do Concello, co que se creou unha mesa de traballo para que compartise os seus puntos de vista.

A vixencia do Plan de Igualdade será de catro anos, para os que se fixan obxectivos coma a sensibilización cidadá, investigacións sobre a situación da muller no municipio ou a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero. "As metas son realistas e adaptadas á realidade, proporcionadas ao que se cre que se pode conseguir", indica a edil de Igualdade, Marina Varela, sobre estes propósitos. Desde o Consistorio consideran o documento como un bó "punto de partida", para o que se proxectan futuras ampliacións e unha avaliación no 2025. Será entón cando se delimitarán os novos obxectivos, que se porán en marcha no plan 2026-2030.

A iniciativa forma parte dunha ensamblaxe máis extensa, con actuacións coma *En CaMiño sementamos igualdade*. A publicación repartíuse ao persoal municipal o pasado 8M e chegou tamén a escolas, centros de saúde, locais comerciais e asociacións veciñais, culturais e deportivas.

A biblioteca Concepción Arenal realiza unha exposición sobre o 8 de marzo



Carteis da mostra sobre o Día da Muller na biblioteca Concepción Arenal

O pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, trouxo ao municipio un compendio de actividades. Entre elas

estivo a mostra da biblioteca Concepción Arenal, que compartiu ata hai escasas semanas a historia da efeméride.

Os seus visitantes puideron coñecer mellor o contexto da data, a través dunha selección de cartelaría.

Miño, en rede contra a violencia

A sensibilidade miñense en materia de igualdade traduciuse na súa adhesión á Rede Galega contra a Violencia de Xénero. Trátase dun programa integrado por 200 concellos e mancomunidades, co que se pretende dar un pulo a iniciativas de prevención e detección de situacións de maltrato en calquera eido. O proxecto, coordinado pola Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias, dotará Miño dunha maior puntuación para recibir axudas autonómicas para a conciliación e o servizo de Atención á Muller, e incrementará a oferta de actividades de concienciación.



Parada do transporte metropolitano no municipio

O goberno local conecta a escolares miñenses cos centros educativos de Pontedeume

O Consistorio logrou adaptar a ruta aos horarios estudantís no Plan de Transporte Metropolitano aprobado pola Xunta

As melloras propostas polo Concello no transporte metropolitano xa están en funcionamento logo de que a Xunta as incluíse no seu plan. O goberno autonómico respondeu á demanda de Miño de adaptar aos escolares a conexión do municipio con Pontedeume, que contaba con frecuencias que non se axustaban ao alumnado.

O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, cualificou de “histórico” o avance, que o Concello reclamaba desde hai anos e que facilita a mobilidade dos estudantes que se trasladan desde Miño ata os institutos de Pontedeume. “Era moi necesario xa que os rapaces e rapazas non dispoñían de ningunha conexión no transporte público que lles permitise chegar a tempo ás súas clases”, apuntou o rexedor.

Coa posta en marcha do traxecto, o Concello detectou unha serie de desaxustes que trasladou con rapidez á Dirección Xeral de Mobilidade para que se solucionasen. A

institución respondeu á demanda, pola que se solicitaban una serie de melloras para rematar cos inconvenientes.

Entre elas estivo a dirixida ao estudantado de San Xoán de Vilanova, para o que a liña Pontedeume-Monfero habilitou paradas na DP-4802, así coma unha saída ás 18.10 horas os martes pola tarde. Os alumnos que xantan en Miño poden empregar, pola súa banda, a ruta Pontedeume-Andel, que lles permite regresar ao instituto despois da pausa da comida.

A reorganización das liñas de transporte metropolitano non quixo deixar illada

ningunha área, de xeito que todas as familias puidesen conciliar. É por iso polo que tamén se tivo en conta os residentes da contorna da N-651, que poden empregar á ida a ruta Miño-Pontedeume e o itinerario Coruña-Ferrol no regreso do mediodía.

Precisamente a conexión entre estas cidades é obxecto de investimento por parte do municipio. Miño destina fondos ás liñas de Ferrol e da Coruña por un total de 91.809,08 euros, a través dos convenios de colaboración que mantén para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano.

O Concello convoca bolsas de comedor e libros en xuño

As familias miñenses poderán comezar o curso 2021-2022 coa tranquilidade de saber se contan con axudas para afrontar os gastos escolares. Por segundo ano consecutivo, o Concello convocará no mes de xuño as bolsas comedor, que facilitarán a alimentación dos nenos e nenas do municipio con baixos recursos económicos. Os escolares tamén poderán

gozar das subvencións para libros de texto, que se abrirán no mesmo prazo para estar resoltas antes do inicio do período académico. “A volta ao cole implica fortes desembolsos. A rapidez desta convocatoria permitirá ás familias organizarse e contar coa garantía de que poderán dar cobertura ao investimento educativo nos seus fillos”, comentou o rexedor.



Dúas nenas facendo os deberes

Miño asina un convenio cunha protectora para controlar as colonias felinas do municipio

Xuntos As Mariñas recibirá apoio económico para esterilizar e alimentar os animais

O Concello e a asociación Xuntos As Mariñas estableceron un convenio para

unha xestión organizada das colonias felinas. O goberno local comprométese a través do acordo a sufragar parte dos gastos das esterilizacións que a entidade xa está a levar a cabo na zona coa fin de controlar o número de gatos. A protectora realiza esta contención mediante o

método CES, consistente na captura, esterilización e solta dos animais, aos que ademais alimenta. O Consistorio entregoulles para iso unhas estruturas a modo de caseta, nas que poden depositar a comida.

Desde o inicio do convenio, non está permitido que

a veciñanza alimente pola súa conta as colonias felinas. As persoas que queiran realizar esta práctica teñen que facerse voluntarias da asociación e seguir unhas regras pautadas como limitarse aos puntos de distribución establecidos e dar só alimento seco.



Caseta para a alimentación dos felinos adaptada por voluntarios



Estruturas dos comedeiros

Instalación de novos puntos de recollida de lixo nos accesos da praia Grande

Os usuarios afeitos a recoller lixo nos areais fóra da época do estío teñen máis facilidades á hora de

realizar o seu labor grazas á acción do Concello, que instalou novos puntos para depositar os ciscalllos. As

papeleiras, sinxelos sacos con amplitude, atópanse desde comezos do ano nos accesos da praia Grande, e baléiranse de forma periódica cun gran éxito na súa acollida.

O seu bo funcionamento levou ao Concello a implantalo nas praias de Perbes, Ribeira e Alameda para tender unha man a aqueles que realizan unha acción altruísta. As bolsas poden acoller restos de redes, plásticos e papeis, pero non obxectos naturais, xa que estes protexen as dunas e amparan as especies da zona.



Un dos sacos na praia Grande

O Concello, cara á sostibilidade

O goberno local está concienciado coa ecoloxía, unha sensibilidade que consolidou coa aprobación do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía (PACES) do Concello de Miño. A súa sinatura no documento, promovido pola Comisión Europea, comprométeo a avanzar cara a un municipio máis sostible e arrimar o ombreiro contra o cambio climático. As accións ás que se obriga son a redución dos gases de efecto invernadoiro nun 40% ata 2030, mellorar a eficiencia enerxética e promover as enerxías renovables e o transporte alternativo.

Nova información turística no municipio

Haberá tamén unha guía dos establecementos de hostalaría e comercio de Miño, na que se afondará nos seus atractivos

O castigado sector do turismo achará na nova web turística do termo municipal un apoio para a súa recuperación. O material no que traballa o Concello será un punto de referencia para as potenciais visitas, que atoparán información interesante sobre a vila. O repositorio reunirá os recursos turísticos máis salientables, como as sendas, a praia Grande ou as pontes históricas da zona. Os turistas poderán dirixirse á web para consultar a oferta de establecementos de hostalaría, aloxamento e outros comercios.

O proxecto axudará á difusión destes establecementos

e dinamizará o sector nuns intreos complicados. "Os locais de hostalaría e restauración están a vivir tempos difíciles polas restricións de mobilidade. Desde o Concello queremos apoialos e continuar levando os atractivos de Miño máis aló das nosas fronteiras", explica o alcalde.

Con esa misión, remodelaranse ademais os materiais informativos que se

Redeseñaranse os trípticos de información turística cun deseño máis moderno e actualizado

entregan aos visitantes en puntos como a oficina de turismo, cunha nova estética moderna e actualizada. Crearanse dous folletos, un sobre información turística e outro sobre hostalaría, comercio e servizos, que difundirán con máis vigor todas as posibilidades que o municipio ofrece.



Dotación de persoal para as praias

Coa tempada de verán ás portas, o goberno local preparárase para poder dar un servizo seguro aos usuarios das súas praias. O pasado abril pechouse a convocatoria para a contratación dunha ducia de profesionais durante o estío, que desenvolverán o seu labor entre o 15 de xuño e o 15 de setembro. Para atender os areais contrataranse seis socorristas, así como persoal de limpeza de baños para Ribeira, Perbes e a Praia Grande. Nesta última, o Concello incorporará a catro controladores de aparcamento dedicados á correcta xestión das zonas ORA.



Posto de socorrismo

O reforzo de persoal permitirá cumprir as medidas sanitarias e garantir o correcto funcionamento de todos os servizos que se prestan nos nosos areais.

Un obradoiro destinado a potenciar a cociña mariñeira

Turismo, sostibilidade e colaboración. Iso son os alicerces do obradoiro de cociña mariñeira co que o Concello opta ás Axudas do Programa FEMP 2014-2020. O proxecto busca devolver os pratos mariñeiros tradicionais ás cociñas dos restaurantes miñeses e fomentar as sinerxías entre os empresarios. Os participantes compartirán receitas e coñecementos nunha serie de clases formativas, que concienciarán os locais sobre as virtudes dos produtos mariñeiros. Segundo indica a proposta, especialistas de recoñecido prestixio dirixirán o

obradoiro para formar as persoas participantes nas últimas técnicas culinarias. Xunto ao rescate das receitas de toda a vida, a iniciativa agarda servir de reclamo turístico no eido gastronómico e mariñeiro, actuando como un enganche máis para os visitantes da zona.

Así mesmo, a experiencia terá unha vertente medioambiental que sensibilizará sobre a importancia de consumir produtos de proximidade. Na formación, invitarase aos establecementos a que empreguen provedores da área, contribuíndo a completar a cadea de valor.

PROXECTO SENDAS

MIÑO AVANZA NAS SÚAS CONEXIÓNS COA NATUREZA E ENTRE NÚCLEOS

Novas rutas debúxanse desde hai meses ao longo de Miño. O Concello consolidou o seu compromiso de crear sendas peonís, coas que pretende dotar a vila de espazos de dispersión en contacto coa paisaxe. Nos últimos meses, habilitáronse un total de tres

itinerarios, que ampliaron a conexión entre núcleos e propiciaron a recuperación da contorna. As actuacións ofrecen á veciñanza novas vías para gozar do municipio, no que se proxectan tres sendas máis en Bañobre, a ponte do Lambre e entre o Porto e a praia.

1. Ruta pola Fraga do Xarío

Paso a paso vai mellorando a Fraga do Xarío. O novo goberno local atopou no 2019 a parcela municipal en estado de abandono e púxose mans á obra para recuperala. Decidido a promover os espazos naturais, leva desenvoltas xa dúas fases do proxecto, que pretende conectar o borde do río Xarío, o areal e a ruta Xacobeá. O plan afronta agora a súa terceira etapa, na que unirá a beira do río coa praia e o Camiño Inglés rozando e eliminando especies invasoras.



2. Senda dos Sentidos



Entre a Ponte do Porco e o paseo da praia da Ribeira discorre a Senda dos Sentidos. O camiño, que pertence á Rede Natura 2000, permite pasear desde o areal da Alameda ao da Ribeira ou ao centro urbano gozando da tranquilidade da vexetación e da fauna. A ruta dispón de sinais, bancos e varandas instalados como parte do seu acondicionamento.

**Bótalle unha
ollada**



3

Corredor peonil de Viadeiro

En Viadeiro (parroquia de Castro), un dos puntos de paso do Camiño Inglés, leváronse a cabo actuacións para habilitar unha senda de máis de 300 metros. Os traballos xeraron un novo itinerario para residentes e peregrinos e redundaron nunha maior seguridade viaria na contorna do local social. Para logralo limitouse a zona peonil, colocáronse bordos e canalizáronse as augas pluviais.



Cara a novos espazos verdes

4

De Bañobre a Telle

Paisaxe e utilidade concéntranse na nova senda entre Telle e a Ponte do Puzo que estuda o goberno local. Tanto a pé como en bicicleta, a ruta permitirá unir ambos os núcleos, así coma o Camiño Inglés co albergue de peregrinos e a praia Grande. Para facelo realidade, o Consistorio agarda aproveitar a estrutura da vía do tren sobre a marisma, reforzar o noiro e instalar pasarelas peonís de madeira aos lados e na propia ponte. O Concello xa presentou a proposta a ADIF e a Costas e propónse buscar os fondos para financiarla logo de adaptala aos seus criterios.




Bótalle unha ollada

5

Entre a Ponte do Porco e a de Lambre

De ponte a ponte proxéctase outro dos camiños previstos polo Concello. No seu compromiso de revitalizar a paisaxe, o Consistorio deseña coa Deputación unha senda entre a Ponte do Porco e a do Lambre coa que se melloraría a protección viaria na zona. O presidente da Deputación comprometeuse a realizar estas obras, que quere redactar este ano e executar no 2022. Terán lugar ao longo da DP-4804 nun tramo de **1,3 quilómetros moi transitado** e que os alcaldes de Miño e Paderne, César Longo, consideran "crucial".





Praia Grande

O goberno local aproba a primeira normativa para a ordenación das praias do concello

A ordenanza continúa a modernización dos areas regulando a pesca, a acampada, a circulación de barcos, o baño e o deporte

Anova tempada de baño contará este verán cun

goce máis ordenado e sostenible grazas á normativa reguladora do uso das praias. O Concello miñense aprobou este ano a primeira ordenanza de praias feita neste sentido no municipio, que ofrece un marco para o emprego dos areas dun xeito máis razoable e respectuoso coa

contorna. Entre os aspectos que organiza, destacan actividades como a pesca, a circulación e atraque de embarcacións, a acampada, a venda non sedentaria de produtos e a convivencia con animais de compañía. Os deportes acuáticos e o tan popular baño estival son

tamén obxecto de regulación na ordenanza, que se suma a outros avances implantados como a modernización do aparcadoiro da praia Grande, a concesión de novos postos de comida e a renovación do sistema de megafonía en tres idiomas e con gravación profesional.



Deterioros provocados polos traballos dos madeiristas nunha tala

O rural blíndase fronte aos danos xerados polas talas

Os danos que o sector madeireiro provoque nos camiños forestais serán sancionados polo Concello. Dítao deste xeito a nova ordenanza de protección de vías e camiños municipais, que blinda o rural miñense con fianzas para os madeiristas. Antes de levar a cabo a tala, traxecto, transporte ou depósito, os responsables terán que deixar como

garantía cantidades que irán desde os 2.500 euros para vehículos de 16 toneladas ata os 4.000 dos que as sobrepasen. O Concello non lles devolverá os cartos no caso de que danen, ensucien ou deixen a madeira en espazos non autorizados e esixiralles que indiquen o seu percorrido e o tempo de carga e descarga con antelación.

Mercados e feiras, con regulación

Con postos fixos, condicións hixiénicas e todos os papeis regrados. Así poden desenvolver a súa actividade os vendedores de mercados e feiras desde a aprobación da normativa que puxo en marcha o goberno local. O texto, sen precedentes ata o de agora no municipio, pretende "darlle un pulo ao feirón dos domingos" e "garantir a estabilidade" dos comerciantes.

A ordenanza reasignou todos os postos do feirón e deulles unha localización estable. Indicáronse tamén as medidas sanitarias e administrativas que deben cumprirse e as licenzas eventuais e anuais, así coma a obriga de garantir unha asistencia de vendedores mínima.

Miño facilita o acceso ás axudas

As axudas sociais, xa vitais antes da pandemia, volveronse imprescindibles coa crise sanitaria. O Concello quere responder con eficacia ás necesidades que xerou no municipio, polo que acaba de aprobar unha flexibilización no acceso ao seu programa de asistencia. Os cambios supoñen unha maior facilidade á hora de solicitar as axudas de emerxencia e exclusión social, modificando os requisitos necesarios para encaixar no perfil. Ata o de agora, esixíase aos interesados estar censados durante todo un ano en Miño antes de solicitar as subvencións, un período que se acurta á metade para "complementar o grande esforzo que está a facer o Concello de cara a actualizar a súa normativa".

O Concello habilita una aplicación móbil para a comunicación cidadá de incidencias

O servizo 'Línea Verde' ofrece unha canle directa para que os miñenses avisen dos deterioros que observen na súa localidade

Os cidadáns dispoñen dunha vía máis para a participación na vida pública a través da *Línea Verde*, a ferramenta articulada polo goberno local para a mellora dos espazos comúns. Trátase dunha aplicación móbil, dispoñible para iOS e Android, coa que os veciños poden advertir o Concello dos deterioros na súa localidade.

O usuario só ten que descargala en Google Play ou App Store de xeito gratuíto, escoller Miño e indicar o tipo de problema que se observa e sobre o que se quere alertar. A aplicación detecta as coordenadas nas que se localiza o fallo e pide unha fotografía e un comentario para o seu envío



Notificación da aplicación 'Línea Verde'

Xa podes descargar a **aplicación de Línea Verde** no teu móbil de sistema Android ou iOS

Só tes que **escanear** co teu teléfono os **códigos QR**

Android



iOS



aos servizos do Consistorio.

A propia *app* notificará a cidadanía sobre a solución dos danos, que abranguen eidos como o lixo, o mobiliario

urbano ou a iluminación. O servizo permite ademais a resolución de dúbidas en 24 horas por expertos, responder a enquisas, recibir novas sobre

os servizos públicos e acceder a información medioambiental, turística e de eventos a través da *app* ou da páxina web www.linaverdemino.gal.

Máis operarios municipais para atender a veciñanza

O cadro de persoas do Concello conta con reforzos desde o mes pasado, cando se uniron ao grupo media ducia de traballadores. Dous peóns especialistas, dous oficiais e un encargado foron contratados polo Consistorio para realizar traballos nun maior radio de actuación e en menos tempo, atendendo "con maior eficacia a veciñanza de todas as parroquias de Miño". As novas incorporacións están sufragadas polo programa PEL Concellos Reactiva 2021 da Deputación, que

dobra a capacidade de contratación con respecto a anos anteriores. Os novos membros do cadro de persoal traballarán para o municipio ata o próximo 6 de decembro, contribuíndo a preservar en mellores condicións os espazos públicos.

O rexedor, Manuel V. Faraldo, expresou a súa gratitude ao ente provincial pola súa colaboración. "Agradecemos este esforzo económico, que resulta chave nun ano tan complicado polas consecuencias do coronavirus", apuntou.

Xestións coas operadoras para levar a todos os núcleos a fibra óptica

O compromiso do goberno local de apoiar as demandas da veciñanza para achegar Internet a todo o municipio estimula as súas xestións cos provedores do servizo, cos que se intensificaron as

conversas para que a conexión sexa unha realidade en zonas urbanas e rurais. Nos últimos meses, o seu traballo empurrou as empresas a levar a fibra a A Modia (San Xoán) e Sambollo (Perbes).

Colocación de cámaras de vixilancia contra os roubos en espazos municipais

Decidido a acabar cos roubos e danos que se dan nalgúns espazos municipais, o Concello acaba de contratar a colocación dunha serie de cámaras de vixilancia que disuadan os ladróns de

provocar estragos no patrimonio público. Os aparellos foron autorizados pola Subdelegación do Goberno e cumpriran os criterios establecidos pola Lei orgánica de protección de datos.

Miño súmase a Xespol para axilizar os trámites policiais

Con esta plataforma unifícase o formato dos informes para unha mellor coordinación co resto de corpos de Galicia

A Policía Local do Concello de Miño adheriuse á plataforma Xespol, unha aplicación telemática que permite axilizar os trámites que teñen que realizar os axentes no seu día a día.

O obxectivo principal da

aplicación é facilitar a coordinación con outros corpos do resto de municipios de Galicia. Beneficianse tanto os propios efectivos policiais como a veciñanza en xeral, que ve mellorada a eficiencia no servizo.

A aplicación permítelle á Policía Local de Miño compartir unha base de datos a nivel comunitario coa que se facilita a redacción de atestados e informes. Estes están unificados nun mesmo formato para os máis de 30

municipios que xa forman parte de Xespol.

A adhesión á plataforma é un factor clave para seguir traballando na modernización dos servizos municipais, que se están actualizando constantemente para mellorar a atención no termo municipal. Ademais de informatizar completamente a creación de partes diarios e reportes de tráfico, permite actuacións máis rápidas e eficaces ante calquera situación de emerxencia.



As dependencias da Policía Local, na rúa do Mercado

A Policía Local incorporará un terceiro efectivo

Despois do anuncio da convocatoria para unha terceira praza, cada vez está máis preto a incorporación dun novo efectivo no corpo da Policía Local de Miño. A Academia Galega de Seguridade está a cargo do proceso de selección, que está próximo a finalizar. Logo de superar as probas pertinentes, a persoa seleccionada deberá realizar un último curso formativo que validará o seu ingreso nos efectivos municipais. Ademais, este verán volverán a sumarse dous novos auxiliares ao corpo que

colaborarán nunha época onde se incrementa notablemente a carga de traballo. Coa chegada do bo tempo e do aumento da circulación de persoas no municipio, o seu traballo permite unha correcta regulación do tráfico rodado en horas puntas e o incremento da frecuencia de patrullas, entre outras intervencións. Este último factor resultará fundamental para velar polo cumprimento das normas sanitarias e previr ao máximo novos contaxios por coronavirus.

Nova caseta de cobro para aparcir na Praia Grande



Nova caseta no aparcadoiro da praia

O Concello continúa a mellorar as instalacións do aparcadoiro da Praia Grande coa construción, xa rematada, dunha nova caseta de cobro máis segura ante roubos e máis cómoda para traballadores e usuarios. Os traballos, cun orzamento de 4.356 euros, consistiron na creación dunha estrutura desmontable dotada de ventás cara ao aparcadoiro para os pagos e o control de capacidade do recinto.

Trámites máis áxiles no Concello co pago con TPV

A veciñanza de Miño conta desde hai uns meses coa posibilidade de realizar pagamentos mediante Terminal Punto de Venda (TPV) na administración local. Con este novo método axilízanse trámites, aínda que segue sendo posible realizar estas transaccións a través do banco.



Pago con tarxeta no Concello



Campamento deportivo o ano pasado



Nenos xogando no campamento de verán realizado no 2020

O goberno local promove as licitacións para mellorar a prestación dos servizos municipais

Prevé a contratación da escola infantil, o Vello Almacén e os campamentos de verán, entre outros

Fondamente decidido a facer un uso máis funcional dos seus recursos, o Consistorio dará un pulo ás licitacións para unificar contratas e mellorar os servizos do municipio. Os procesos

manexados abranguen desde a conservación de espazos públicos ata actividades ou o eido da educación, no que nas vindeiras semanas se resolverá a **concesión da escola infantil A Ceboliña**. O centro terá contrato durante un ano, prorrogable outros tres, por un valor estimado de 189.139,89 euros anuais. Tamén a cativada se beneficiará da licitación dos **campamentos de**

verán, que se desenvolverán en Bemantes como no 2020.

A decisión garantirá “a calidade deste servizo de conciliación” e daralle unha maior estabilidade. Noutros casos, como nos traballos para o **mantemento das zonas verdes**, apostarase pola racionalización dos recursos públicos. O contrato que actualmente a rexe non inclúe todas as áreas, que teñen que contratarse á

parte. A nova licitación será única para todos os espazos e suporá un aforro económico para o Concello.

O Consistorio tamén logrará ingresos que investir grazas ao **Vello Almacén**, a cafetería situada fronte á praia da Ribeira. Tras os traballos de acondicionamento, o local iniciará proximamente a súa concesión por un período de catro anos con prórroga de dous máis.

A poxa a chatarra municipal da vella escola de Gallamonde

O Concello sacou a poxa a chatarra que se acumulaba na antiga escola de Gallamonde. O material xa non era apto para prestar servizos públicos, polo que

se decidiu sacalo á venda para despexar a zona. Os ofertantes puideron ver as condicións nas que se atopaban os diversos útiles, así coma as súas características,

de cara a realizar as súas poxas. A remesa integrábala multitude de máquinas e obxectos que finalizaran a súa vida útil.

No lote, os interesados puideron adquirir vehículos como turismos, varredoras ou un camión para a recollida de lixo. Amoreáronse do mesmo xeito cortacéspedes e formigoneiras, xunto á habitual ferralla metálica de xanelas, varandas e estruturas de contedores soterrados.



A vella escola de Gallamonde

Os restos da burbulla inmobiliaria convértense en alugueiros sociais

O Concello pacta coa SAREB o arrendamento dunha dúzia de casas para persoas que non poden afrontar os prezos do mercado

As rendas do alugueiro non serán un obstáculo para o acceso á vivenda da veciñanza. Os residentes poderán acceder ao alquiler social a través do convenio asinado polo Concello e a Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria (SAREB), que cederá vivendas que quedaron sen saída a raíz da crise inmobiliaria. En total, serán 12 as vivendas que se porán a disposición da cidadanía con dificultades para afrontar os prezos do mercado, que poderán deste

A oportunidade de lograr un fogar

- ▶ A veciñanza con dificultades económicas poderá acceder ao arrendamento de 12 vivendas, que se atopan baleiras e sen estrear
- ▶ O período de cesión é de catro anos, momento no que as casas serán devoltas á entidade sen inquilinos ou arrendadas
- ▶ O Concello asumirá o IBI e os gastos ordinarios. A SAREB pagará a comunidade e as reparacións extraordinarias
- ▶ Unha ordenanza de uso e outra fiscal regularán como van ser as condicións polas que se guíe o alugueiro das vivendas

xeito acceder a un alugueiro a baixo custo. As vivendas ofreceranse baleiras e sen estrear por un prazo de catro anos, cando serán devoltas sen inquilinos ou cun contrato de arrendamento en vigor. O Concello asumirá o

pago do Imposto de Bens Inmóbles e os gastos ordinarios. Pola súa banda, a SAREB encargárase da comunidade, as reparacións extraordinarias, os seguros e as actuacións de habitabilidade.

Reparto de menús para os maiores que viven sós

O Concello quere coidar dos seus maiores. É por iso polo que deu inicio ao programa *Xantar na casa*, unha iniciativa do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para as persoas de maior idade que residen soas. Ata unha decena poderán beneficiarse deste proxecto, co que se lles proporciona a comida de toda a semana, precociñada en envases individuais, e se lles coloca no frigorífico. O servizo pretende asegurar-lles unha alimentación equilibrada e vixiar —a través dos axentes de reparto— as posibles situacións de risco.

Os casos graves comunícanse aos servizos sociais, que selecciona a aqueles que “xantan na casa”. Os escollidos teñen que aportar só 1,76 euros por comida e día, o resto dos gastos son cubertos polo Consorcio e o municipio.

O Centro de Día da Regueira inicia o seu funcionamento



O alcalde visita as instalacións



O rexedor e a conselleira Fabiola García conversan con algúns dos usuarios

O Centro de Día da Regueira está en marcha desde a súa apertura o pasado mes de decembro. Trátase do cumprimento dunha promesa longamente reclamada polos veciños e veciñas, que xa poden optar ás instalacións logo de 11 anos de espera.

Con prazas para unha trintena de persoas, actualmente son preto de dez os que ocupan o espazo, que foi anteriormente fogar de Rita Ramos, residencia relixiosa e colexio. Este mes de marzo, xa como centro para os maiores do municipio, o

edificio recibiu a visita da conselleira de Política Social da Xunta, Fabiola García, acompañada polo rexedor Manuel Vázquez Faraldo.

O alcalde expresou o seu desexo de que o número de usuarios aumente “a medida que vaia mellorando a

situación sanitaria”, para que a cidadanía poida desfrutalo. “Os centros de servizos sociais teñen demostrado durante esta pandemia ser un dos piares do sistema de benestar e este é unha débeda histórica da comarca”, indicou García.



Prendas no roupeiro municipal

Un roupeiro para as persoas sen recursos

O local, situado na praza de Rabazal, permite adquirir prendas para todas as idades a través de vales dos Servizos Sociais

Entre perchas, chaquetas e botas móvense as voluntarias dos servizos sociais municipais no roupeiro municipal, o local da praza de Rabazal creado para proporcionar prendas de vestir as persoas sen recursos para adquirilas. O proxecto, xestionado polos integrantes do programa de voluntariado do Concello, ampara

o benestar das persoas con dificultades económicas garantíndolles unha selección de roupa, que poden escoller en función da súa talla e gusto.

Para acceder ás prendas, os interesados deberán solicitar os correspondentes vales en Servizos Sociais ou directamente no roupeiro, indicando o tipo de roupa que precisan. Os tickets poderán trocarse na tenda por todo tipo de vestidos, chaquetas, pantalóns, camisas e zapatos, dispoñibles tanto para adultos como para os máis cativos.


O proxecto fíxose realidade logo de meses de traballo e comezou a funcionar este

xaneiro para “mudar o sistema asistencial por outro de dereitos”, segundo indicou o alcalde. As prendas proceden de doazóns da veciñanza, que pode facer as súas achegas no local que está debaixo da Escola Infantil.

As datas de entrega e recollida son todos os luns entre as 10.30 e as 13.30 horas e os mércores de 17.00 a 19.00 horas.



Xoguetes infantís



Tamén hai complementos



Visión xeral do roupeiro

Protección Civil, man amiga contra a crise sanitaria

Desde o comezo da pandemia, Protección Civil erixiuse coma un inestimable apoio na loita contra o virus. Xa fora informando a poboación sobre as medidas hixiénicas, poñéndoa ao día sobre as distintas restricións ou realizando labores de asistencia, o seu grupo de voluntarios realizou un traballo vital que o Concello e a

veciñanza louvan. Unha das súas derradeiras actuacións foi a colaboración no cribado do mes de marzo, no que o Sergas citou as persoas residentes de entre 18 e 65 anos para controlar a evolución do

virus en Miño. O equipo organizou aos asistentes, que foron citados mediante mensaxe telefónica, na súa entrada ao centro de saúde onde se lles realizaron os PCR. As probas duraron catro días e congregaron a arredor de 2.796 persoas. “A situación está mellorando, pero é importante respectar as medidas que marcan as autoridades sanitarias para manter a evolución positiva”, advertiu o rexedor. No camiño, Protección Civil seguirá a ser unha man amiga. A entidade xa foi recoñecida no 2019 coa Placa ao Mérito de la Junta Directiva de la Asociación Nacional de Voluntarios de Protección Civil de España.

O grupo colaborou nos últimos cribados

Desde o comezo da pandemia, Protección Civil erixiuse coma un inestimable apoio na loita contra o virus. Xa fora informando a poboación sobre as medidas hixiénicas, poñéndoa ao día sobre as distintas restricións ou realizando labores de asistencia, o seu grupo de voluntarios realizou un traballo vital que o Concello e a



Sanitarios e Protección Civil, colaborando no cribado do mes de marzo

Os participantes do obradoiro de emprego 'Artabroemprende' comezan a súa andaina

O programa, creado para dinamizar o tecido laboral, desenvolverase durante 9 meses en varios puntos de Miño

Mozos e mozas do municipio comezaron estes días o obradoiro dual *Artabroemprende*, un proxecto de emprego para o alumnado que queira formarse en estreito contacto coa realidade laboral. A iniciativa —da que é promotor o Concello de Miño e á que se uniron os de Pontedeume, Monfero, Cabanas e Paderne— foi apoiada por unha subvención de 346.946 euros procedente da Xunta.

No municipio, este obradoiro permite o desenvolvemento de dous módulos, *Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes* e *Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais*. Os participantes traballarán neles durante 9 meses, en puntos como o Parque das Idades, as praias ou as rúas interiores de Costa Miño.



Os cinco alcaldes, na sinatura do convenio do obradoiro



**XUNTA
DE GALICIA**

ARTABROEMPRENDE

Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes
Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais

Os Servizos Sociais gañan músculo para servir a veciñanza

O goberno local contempla entre os seus obxectivos a eficacia dos servizos municipais. Acometeu por iso reforzos en varios departamentos, con contratacións e aperturas de convocatorias para cubrir postos necesarios.

Nos Servizos Sociais engadiuse a unha nova traballadora en apoio á principal empregada, coa que colabora para axilizar labores como a atención aos usuarios, a tramitación de axudas, a distribución de

alimentos e a valoración de licitacións e admisións na escola infantil. Os proxectos deste departamento adquiriron unha nova relevancia co estalido da pandemia, que amosou tamén, cunha maior claridade, o valor dos empregados públicos para asistir a veciñanza

Para que o persoal poida facerlles fronte, realizáranse tamén contratacións de estío e constituíranse bolsas de emprego. É o caso das prazas de auxiliares administrativos, ademais dun posto de



Dependencias municipais

auxiliar de biblioteca que xa se atopa asignado.

Do mesmo xeito, cubriuse xa a vacante de arquitecto. Os miñenses reclamaban

desde hai tempo a cobertura deste perfil municipal, coa fin de contribuír a axilizar a tramitación de licenzas para as súas casas.

O goberno local conseguiu medio millón en novas subvencións para mellorar a xestión

Os fondos, obtidos grazas ao diálogo, permitiron un maior financiamento para bens e servizos


O Concello mantén unha intensa liña de traballo para sanear a economía do municipio. As xestións e o diálogo constante con tódalas administracións son os ingredientes principais do seu labor, que desembocou, nos orzamentos de 2020, nun incremento das subvencións ata superar o medio millón de euros. Os ingresos proceden do Estado vía participación nos tributos, da Deputación a través do Plan Único Provincial de forma excepcional debido á situación de risco financeiro de Miño, e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e outros servizos autonómicos. As negociacións con estas entidades derivaron en 153 mil euros máis para gastos correntes e 329 mil euros máis para investimentos.

O conxunto de subvencións suman un total de 481

mil, case medio millón de euros que se traduciron en melloras para Miño e os seus residentes. Exemplos hai entre os camiños saneados, as redes de pluviais ou a limpeza de sendas rematadas ultimamente e das que pode gozar a cidadanía. O goberno local chegou a investir 936.529,21 euros en actuacións pensadas para incrementar o benestar social e as infraestruturas públicas miñenses.

Os fondos proceden da participación nos tributos do Estado, do Plan Único da Deputación, do AGADER e doutros servizos autonómicos

As cifras resultan dunha intención por revitalizar as arcas da vila cun programa social e responsable. "Miño tiña unha economía languidecente e este goberno está conseguindo reverter a situación cunha política económica racional que non afecta aos servizos municipais nin incrementa os impostos", apunta o alcalde.



Autónomos e microempresas de Miño recibirán máis de 100.000 euros para afrontar os estragos do estado de alarma

As incertezas e os pechos aos que se viron abocados moitos autónomos e microempresas atoparon un alivio na liña de subvencións PEL-Reactiva. O programa asistencial, dirixido pola Deputación, dedicou aos emprendedores miñenses afectados polo estado de alarma un **orçamento de 106.889,52 euros** para alixear os estragos económicos.

As axudas recibiron numerosas solicitudes. O Concello requeriu a unha parte a

documentación que lles falta e prevé reservar unha partida extra para poder asistir


a aqueles que, cumprindo os requisitos, queden sen cobrar por falta de fondos.

As subvencións concedidas acadan os 1.500 euros para traballadores por conta propia sen empregados e os 3.000 para os que contan cun cadro de persoal de entre 6 e 9 membros. Os cartos sufragarán gastos correntes e o acondicionamento dos negocios que se atopan domiciliados no municipio, sempre que tiveran que pechar ou acollerse a un ERTE polo estado de alarma ou reducir a súa facturación en máis dun 75% respecto á media do anterior semestre.

Plan de
Emprego Local

PEL

REACTIVA



O goberno local reduce en 1,6 millóns de euros a débeda de Miño en dous anos

Aprobou unha modificación orzamentaria para liquidar 300.000 euros por anticipado

Un Miño libre de cargas financeiras que lle permitan desenvolver o seu futuro sen trabas. Esa é a idea pola que loita o goberno local, que salienta a súa pulcritude á hora de cumprir o plan de axuste provocado pola débeda do caso Fadesa. Os datos da

amortización amósanse nese sentido claros e apóiano. Fronte aos 22,1 millóns aos que ascendía a débeda en 2018, en dous anos logrouse reducir a cifra en 1,6 millóns ata os 20,5 millóns actuais,

O déficit do Concello pasou dos 22,1 millóns de 2018 aos 20,5 millóns actuais

con marxe incluso para xestos extraordinarios.

“Pensouse a longo prazo e,

tras o esforzo realizado, imos encamiñando o futuro económico de Miño”, afirma Manuel Vázquez Faraldo. O rexedor expresou a súa satisfacción pola modificación orzamentaria aprobada o ano pasado polo seu goberno, coa que o Concello engadiu de xeito voluntario e anticipado 300 mil euros máis á cota de 541 mil euros estipulada para amortizar a débeda. O incremento das subvencións e dos ingresos patrimoniais permitiron

alixeirar o déficit, sen por iso “desatender os servizos á veciñanza”. Ata o próximo ano, o

No exercicio do 2020 obtivéronse maiores importes de subvencións e de ingresos patrimoniais

Concello non terá que empezar a pagar as cotas do préstamo adquirido con Facenda, e séguese a traballar co Ministerio para ampliar o prazo de pago.

As contas do 2020 desprenden 1,3 millóns de euros de remanente grazas a boa xestión


O Concello está facendo un gran esforzo para afrontar os pagos da débeda sen subir impostos e mantendo o nivel de servizos para a cidadanía. O resultado do seu traballo obsérvase no Remanente de Tesourería, que medrou en 842 mil euros entre o 2018 e o 2020. A liquidación do exercicio 2020 amosa unha mellora

na solvencia financeira do municipio.

A cantidade partía dos 0,4 millóns e medrou en 842 mil euros do 2018 ao 2020

A cantidade partía dos 0,4 millóns de euros e chegou ata 1,3 millóns. O goberno local amósase satisfeito coas cifras, que dan conta da boa xestión económica levada a cabo.

INCREMENTO DO REMANENTE



As competicións regresan ao campo de Gallamonde

As instalacións xa acollen partidos logo da renovación do vello céspede artificial por outro novo

As obras realizadas no campo de Gallamonde puxéronse a proba fai apenas unhas semanas coa súa estrea por parte do fútbol base. A súa primeira xornada de liga marcou a volta das

competicións ao terreo, no que se substituíu, co apoio da Deputación Provincial, o vello céspede artificial por outro novo de última xeración. Con moita máis comodidade puideron gozar da súa disciplina o equipo xuvenil, infantil e dos cadetes. O propio presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, achegouse a comezos de ano ao campo, no que quixo coñecer o resultado das actuacións.



O alcalde, xunto con membros da Liga dos xuvenís da A.D. Miño



Nenos e nenas gozando dunha sesión de biciescola

Atletismo, biciescola e inglés, na oferta deportiva e cultural

O segundo cuadrimestre ábrese cunha ampla oferta de actividades deportivas e culturais. Do programa inicial do curso 2020-2021, quedan aínda prazas libres para os veciños e veciñas que queiran satisfacer as súas inquietudes ou exercitar o corpo. No eido cultural, hai vacantes

Aínda hai prazas libres en actividades como inglés, danza contemporánea, pilates, ioga e atletismo

en inglés, encaixe de palillos e danza. Para os deportistas ofrécense pilates, ioga, atletismo e patinaxe, así coma biciescola e ximnasia rítmica.

Nadal e Entroido adáptanse á crise sanitaria

O espírito festivo conservouse en Miño no Entroido e Nadal. O Concello organizou unha cabalgata segura por todo o municipio, no que se programaron espectáculos teatrais e contos. A Covid afectou tamén ao Entroido, que se trasladou ás redes. Os amantes dos disfraces puideron lucir as súas galas en diversos concursos online, e realizouse un obradoiro de máscaras virtual da man do Consistorio e da ANPA do CEIP Castro Baxoi.

O Concello programa o ciclo Música en Camiño con tres concertos de balde

Música en CaMiño
O Teu Xacobeo
15, 16 e 17 de maio de 2021

Venres 7
→ Estrea do vídeo promocional "Música en CaMiño"

Sábado 15 ás 20:00 h. nas Pistas de Babazal
XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA

Domingo 16 ás 13:00 h. pasarrúas
→ **CHARANGA SANTA COMPAÑÍA**

Luns 17 ás 20:00 h. nas Pistas de Babazal
DE VACAS

Concello de Miño Xacobeo 2122 XUNTA DE GALICIA

A promoción do Xacobeo propiciará o ciclo *Música en Camiño*, unha serie de concertos gratuítos para a dinamización da ruta. Coa colaboración da ACRD O Castro, Clube Náutico, Confraría de Pescadores e Asociación de Empresarios, Miño terá o 15 de maio ás 20.00 horas a Xosé Lois Romero & Aliboria. O domingo ás 13.00 horas tocará a charanga Santa Compañía e De Vacas o luns ás 20.00 horas.

O autocine regresa a Miño

O autocine do pasado agosto volverá este ano con dúas proxeccións ao aire libre, coas que o Concello ofrece unha vía de lecer segura.

Curso gratis de entreno de cans

O goberno local convocará proximamente un curso gratuíto de adestramento de cans para apoiar a tenza responsable de animais domésticos.

Queremos que a asociación sexa un punto de encontro para todas as persoas

Ánxeles Gómez

Presidenta da Asociación Veciñal Xarío



Entre Vilanova e Perbes, xusto na linde entre ambas as parroquias, atópase un punto común que rezuma conversas e movemento. Trátase da Asociación Veciñal Xarío, unha entidade que nin en plena crise sanitaria deixou de ser un apoio para os núcleos que a abrigan. Segundo indica a súa presidenta, Ánxeles Gómez, a institución ten oco para quen queira sumarse e aspira a ser un fogar para todo tipo de persoas.

Cal é o seu papel no tecido do municipio?

A asociación está integrada polos veciños de dúas parroquias: Vilanova e Perbes. Son dous núcleos con bastante poboación, por tanto atendemos aproximadamente a mil persoas. Socios debe haber uns 300, pero só figura un de cada unidade familiar. É unha media bastante grande, e agora ampliouse bastante porque temos a Fadesa, o grupo de Costa Miño, que

tamén se integrou en parte nesta asociación.

Unha base tan ampla suporá moitas demandas diferentes.

Si, levamos actividades para todas as idades. No verán ofertamos tenis, baloncesto, fútbol, xadrez... Despois, durante todo o ano, temos inglés, pintura e manualidades, pilates, ioga, ximnasia de mantemento e rítmica, zumba, clases de memoria, bordado e encaixe de bolillos. E unha escola de música de guitarra, piano, coro e linguaxe musical. Os socios demandan actividades e nós poñémolas, aínda que coa pandemia a situación foi complicada.

Foron quen de adaptarse?

Si. Temos un salón de actos multifuncional e o que fixemos foi dividir o espazo para poder ter, seguindo a normativa, catro alumnos nun lado e catro no outro. Tamén temos dúas aulas adaptadas, biblioteca e cafetería con prensa. Moitas actividades con xente maior, polo problema da Covid, suspendéronse. Pero as outras realízanse cunha desinfección moi exhaustiva. E non houbo nin un só contaxio.

Menciona a xente maior. Gañou relevancia a unidade veciñal no contexto que afrontamos?

Ao principio, cando foi o peche perimetral, o que notamos foi a incerteza. A xente tardou un pouco en reaccionar, porque o factor medo é moi influínte. Este curso asisten menos nenos, porén a partir do segundo trimestre xa empezaron a demandar. Por exemplo, a escola de música xa comezou a funcionar completamente, sumáronse nenos a inglés e a ximnasia rítmica, retomouse o ioga... Tamén o tempo mellora e as actividades pódense facer no exterior.

Xa estarán mirando de esguello o verán. Teñen programación?

Sempre que o Concello nos dea permiso e dentro dos grupos que se poidan facer, ímola expoñer. O ano pasado non se fixo e é necesario...

Notouse esa ausencia?

Eu penso que si. A Asociación oferta moita actividade, sobre todo para a xente nova, e incluso algúns turistas son

socios. Ademais, hai que ter en conta que non todo o mundo ten redes sociais, e hai maiores que non teñen familia. A asociación é moi importante para as súas relacións.

Serán sobre todo un punto de referencia para a súa área.

Si, pero a Asociación de Veciños está aberta á demanda de todos os residentes, sexan socios ou non. Está a servizo de todos e de todas as inquiredanzas. A veciñanza debe saber que ten un local que pode empregar.

E con tantas posibilidades, proxéctanse novos compromisos?

Esta nova directiva está moi concienciada con toda a parte ecolóxica. Cando se merca algo, intentamos que sexan cousas que non contaminen, que non sexan de plástico... Comeza a haber unha conciencia medioambiental que traballamos. Ademais, o local está adaptado a xente con diversidade funcional. Queremos que a asociación sexa un punto de encontro para todo tipo de persoas.